

## 08 Persoal de administración e servizos

Entre os acordos ou accións máis importantes que, en relación co persoal de administración e servizos (PAS), tiveron lugar ao longo de 2010 cómpre salientar as seguintes convocatorias publicadas no DOG e no BOE:

- Resolución do 16 de abril pola que se convocaron probas selectivas para a provisión de prazas de telefonista vacantes na RPT de persoal laboral.
- Resolución do 27 de abril pola que se convocaron probas selectivas para o ingreso pola quenda libre na escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos.
- Resolución do 27 de abril pola que se convocaron probas selectivas para o ingreso por quenda libre na escala auxiliar da UDC.
- Resolución do 8 de xullo pola que se convocaron probas selectivas para o ingreso, pola quenda libre, na escala de axudantes e arquivos, bibliotecas e museos.
- Resolución do 8 de xullo pola que se convocaron probas selectivas para o ingreso na escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos polo sistema de promoción interna.
- Resolución do 28 de xuño pola que se convocou o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos.

A Comisión de Formación mantivo ao longo do ano distintas reunións para preparar as convocatorias de accións formativas, así como convocatorias de axudas para a formación, en especial as ofertadas para cursar estudos no Centro de Linguas. Así mesmo, esta comisión traballou no II Plan de formación do PAS, que finalmente foi aprobado na sesión do Consello de Goberno do 17 de novembro. Terá vixencia para o bienio 2011-2013.

Accións formativas	Participantes	% sobre total PAS
21	605	79,4

Cadro 159 Participación en accións formativas do PAS en 2010

Por outra banda, continuouse coa execución do Acordo de mobilidade interuniversitaria, subscrito entre as universidades galegas e as xuntas de persoal funcionario de administración e servizos.

En decembro constituíuse a comisión negociadora da RPT do PAS laboral, formada pola Xerencia e o pleno do Comité de Empresa que, durante o primeiro semestre de 2010, traballou cunha frecuencia de dúas reunións semanais. No mes de xuño esta comisión chegou a unha proposta de documento que permitía dar cumprimento á disposición transitoria 2ª do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral, xa que recollía a promoción de todas as categorías laborais dos grupos IVA e IVB, promoción que cumpre con creces o establecido no Convenio. Permitía, así mesmo, un incremento de 38 prazas catalogadas que, fundamentalmente, recollían a consolidación

de postos de traballo que actualmente están fóra do catálogo.

Posteriormente, o Comité de Empresa rexeitou o acordo a que se chegara, malia que durante as negociacións advertiuse de que, dada a conxuntura económica, laboral e administrativa, non existía marxe temporal para elaborar unha nova proposta. De feito, nas semanas seguintes confirmáronse as directrices restritivas da Xunta de Galicia, ata o punto de que a autorización de masa salarial, outorgada polo goberno galego con anterioridade á aprobación dos orzamentos das universidades, concedeuse, por primeira vez, con carácter provisional e condicionada á aprobación dos plans de sustentabilidade.

Cumprido este trámite, a Universidade da Coruña presentará unha nova proposta de RPT coherente coa programación orzamentaria.

Persoal funcionario	448	58,95
Persoal laboral	312	41,05
<b>Total</b>	<b>760</b>	<b>100,00</b>

Cadro 160 **Persoal de administración e servizos en 2010**

	Número de empregados funcionarios									
	Funcionarios/as de carreira			Funcionarios/as interinos/as			Persoal eventual			Total
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	
A1	14	10	24				1	1	2	<b>26</b>
A2	63	16	79	4	4	8				<b>87</b>
C1	151	50	201	12	1	13				<b>214</b>
C2	63	13	76	33	12	45				<b>121</b>
<b>Total</b>	<b>291</b>	<b>89</b>	<b>380</b>	<b>49</b>	<b>17</b>	<b>66</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>448</b>

Cadro 161 PAS funcionario en 2010 por escala, sexo e grupo

Grupo	Mulleres	Homes	Total
A1	15	11	26
A2	67	20	87
C1	163	51	214
C2	96	25	121
<b>Total</b>	<b>341</b>	<b>107</b>	<b>448</b>

Cadro 162 PAS funcionario en 2010 por grupo e sexo

Grupo	Mulleres	Homes	Total
A1	57,69%	42,31%	5,80%
A2	77,01%	22,99%	19,42%
C1	76,17%	23,83%	47,77%
C2	79,34%	20,66%	27,01%
<b>Total</b>	<b>76,12%</b>	<b>23,88%</b>	

Cadro 163 Porcentaxe de PAS funcionario por grupo e sexo

	Número de empregados Laborais						Total
	Fixos			Temporais			
	Mulleres	Homes	Suma	Muller	Homes	Suma	
Grupo I	7	23	30	6	6	12	<b>42</b>
Grupo II	4	3	7	10	11	21	<b>28</b>
Grupo III	10	26	36	19	32	51	<b>87</b>
Grupo IV A	7	31	38	1	8	9	<b>47</b>
Grupo IV B	23	29	52	37	19	56	<b>108</b>
<b>Total</b>	<b>51</b>	<b>112</b>	<b>163</b>	<b>73</b>	<b>76</b>	<b>149</b>	<b>312</b>

Cadro 164 PAS laboral en 2010 segundo situación laboral, grupo e sexo

Grupo	Mulleres	Homes	Total
Grupo I	13	29	42
Grupo II	14	14	28
Grupo III	29	58	87
Grupo IV A	8	39	47
Grupo IV B	60	48	108
<b>Total</b>	<b>124</b>	<b>188</b>	<b>312</b>

Cadro 165 PAS laboral en 2010 por grupo e sexo

Grupo	Mulleres	Homes	Total
Grupo I	30,95%	69,05%	13,46%
Grupo II	50,00%	50,00%	8,97%
Grupo III	33,33%	66,67%	27,88%
Grupo IV A	17,02%	82,98%	15,06%
Grupo IV B	55,56%	44,44%	34,62%
<b>Total</b>	<b>39,74%</b>	<b>60,26%</b>	

Cadro 166 Porcentaxe de PAS laboral en 2010 por grupo e sexo

Grupo	Menor de 30 anos	30-34 anos	35-39 anos	40-44 anos	45-49 anos	50-54 anos	Maior de 54 anos	Total
A1			1	5	5	9	6	26
A2	5	2	6	27	18	21	8	87
C1		6	46	58	34	32	38	214
C2	8	34	29	32	12	3	3	121
<b>Total</b>	<b>14</b>	<b>42</b>	<b>83</b>	<b>121</b>	<b>70</b>	<b>60</b>	<b>58</b>	<b>448</b>

Cadro 167 PAS funcionario en 2010 por idade

Grupo	Menor de 30 anos	30-34 anos	35-39 anos	40-44 anos	45-49 anos	50-54 anos	Maior de 54 anos	Total
1		3	15	16	6	1	1	42
2	4	8	7	2	3	2	2	28
3	5	27	19	18	7	5	6	87
4A		2	5	10	8	13	9	47
4B	2	9	18	19	20	24	16	108
<b>Total</b>	<b>11</b>	<b>49</b>	<b>64</b>	<b>65</b>	<b>44</b>	<b>44</b>	<b>35</b>	<b>312</b>

Cadro 168 PAS laboral en 2010 por idade